

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005002	IES Ramón Otero Pedrayo	A Coruña	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Expresión artística	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A educación artística é unha actividade imprescindible no desenvolvemento das persoas. A experimentación coas artes plásticas, visuais e audiovisuais fomenta a exploración e coñecementos propios e promove a imaxinación así como a capacidade para crear respostas múltiples, en linguaxes propios, a diferentes necesidades. Así mesmo a actividade artística implica un grao alto de interacción co grupo onde o traballo propio e alleo, individual e en grupo, serven para fomentar o debate e aprender a aprender.

O estudo da imaxe nos diferentes medios (a súa historia, as tipoloxías, as técnicas de creación, etc.) convértese nun dos fíos principais da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Foméntase a experimentación e a creación de imaxes bidimensionais e tridimensionais en diferentes medios de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas e medios tradicionais así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas de cada un deles.

Preténdese que, partindo dunha base común de conceptos, o alumnado traballe e experimente co emprego das diferentes linguaxes visuais e audiovisuais realizando as súas propias producións plásticas e audiovisuais.

É imprescindible que o alumnado adquira os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da imaxe visual e audiovisual como elemento de comunicación. Esta materia colabora amplamente no fomento do espírito crítico do alumnado ante as imaxes con diferentes funcións comunicativas e moi especialmente ante a imaxe publicitaria.

A materia impártese nos cursos de primeiro e terceiro da ESO e dá continuidade á educación artística recibida polo alumnado nas etapas anteriores, facilitándolle ao alumnado: seguir aprofundando no coñecemento, interpretación e valoración crítica das imaxes en todas as súas funcións; potenciar o coñecemento e o respecto polo patrimonio cultural e artístico e a súa posta en vañlor; poñer en práctica da expresividade propia mediante a realización de producións individuais e colectivas.

Nos tres primeiros cursos da ESO esta materia estrúcturase en tres bloques: "Expresión plástica", "Comunicación audiovisual" e "Debuxo técnico". En cuarto da ESO os bloques nos que se estrutura a materia son: "Expresión plástica", "Debuxo técnico", "Fundamentos do deseño" e "Linguaxe audiovisual e multimedia".

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos.

Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe.

No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

No cuarto curso, considerando a madureza do alumnado e os coñecementos adquiridos, incorpórase o bloque de "Fundamentos do deseño", que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nas súas diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar manifestacións artísticas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais e valorando o proceso de creación e o resultado final, para educar a mirada, alimentar o imaxinario, reforzar a confianza e ampliar as posibilidades de gozar do patrimonio cultural e artístico.	2-3	3		1-2	3	1		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando distintos medios, soportes, ferramentas e linguaxes, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección das máis adecuadas a cada necesidade ou intención.			2	2	1	1-3		3-4
OBX3 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins, para incorporalos ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos máis adecuados a cada necesidade ou intención.				5	1-3			3-4
OBX4 - Crear producións artísticas, individuais ou grupais, realizadas con diferentes técnicas e ferramentas, incluído o propio corpo, a partir dun motivo ou intención previos, adaptando o deseño e o proceso ás necesidades e indicacións de realización e tendo en conta as características do público destinatario, para compartilas e valorar as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional que poden derivarse desta actividade.	1		3	3	3-5		3	4

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A creación artística. Técnicas e materiais	O bosquexo e o debuxo acabado. O debuxo de claroscuro. Técnicas de expresión gráfico-plástica: rotulador, lapis, carboncillo.	12	15	X		
2	A composición artística	Leis da composición. Movemento e liñas de forza	10	6	X		
3	A cor como ferramenta simbólica e expresiva	Cor denotativa e connotativa. Técnicas de expresión gráfico-plástica: a acuarela, a témpera, o monotipo	12	15	X		
4	Deseño e xeometría	Os trazados xeométricos aplicados ao deseño gráfico	11	10		X	
5	Sistema diédrico e isométrico	Iniciación aos sistemas de representación. Corpos tridimensionais sinxelos	11	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	A perspectiva cónica	A representación da profundidade no espazo: a perspectiva cónica de un e dous puntos de fuga	12	10		X	
7	A linguaxe fotográfica e cinematográfica	A linguaxe fotográfica e cinematográfica: planos e recursos. O cine mudo	11	15			X
8	A linguaxe publicitaria	A linguaxe publicitaria: desenvolvemento dun proxecto persoal	11	15			X
9	A escultura	Iniciación aos procesos escultóricos. A reciclaxe como método creativo	10	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A creación artística. Técnicas e materiais	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Comprende e diferencia a arte figurativa e abstracta e os seus diferentes enfoques e plantexamentos. Coñecer algúns movementos fundamentais da arte moderna.	TI	100
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. Realizar as láminas e exercicios propostos dende o bosquejo ao acabado final.		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. Realiza as láminas e exercicios propostos seleccionando e aplicando correctamente as técnicas gráfico-plásticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas de estampaxe. Procedementos directos, aditivos, subtractivos e mixtos.

UD	Título da UD	Duración
2	A composición artística	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Comprender e diferenciar a arte figurativa e abstracta e os seus diferentes enfoques e plantexamentos. Coñecer algúns movementos fundamentais da arte moderna.	TI	100
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. Experimenta coas diferentes técnicas propostas, empregando as distintas ferramentas.		
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Comprende a importancia da composición na creación da obra de arte. Realiza as láminas e exercicios propostos dende o bosquejo ao acabado final		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Realiza as láminas e exercicios propostos seleccionando e aplicando correctamente as técnicas gráfico-plásticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas.

UD	Título da UD	Duración
3	A cor como ferramenta simbólica e expresiva	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Comprender e diferenciar a arte figurativa e abstracta e os seus diferentes enfoques e plantexamentos. Coñecer algúns movementos fundamentais da arte moderna.	TI	100
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Achegarse cunha mentalidade curiosa e aberta aos diferentes estilos da arte moderna, tratando de relacionalos coa experiencia persoal e o tratamento da imaxe contemporánea.		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Experimenta coas diferentes técnicas húmidas propostas, empregando as distintas ferramentas.		
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Realizar as láminas e exercicios propostos dende o bosquexo ao acabado final, aplicando as técnicas dadas e utilizando a cor de xeito connotativo e expresivo.		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Iníciase no manexo da acuarela, a tinta aguada e o monotipo. Realiza as láminas e exercicios propostos seleccionando e aplicando correctamente as técnicas gráfico-plásticas.		
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Achegarse cunha mentalidade curiosa e aberta aos diferentes estilos da arte moderna, tratando de relacionalos coa experiencia persoal e o tratamento da imaxe contemporánea.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas. - Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico. - Técnicas de estampaxe. Procedementos directos, aditivos, subtractivos e mixtos. - Graffiti e pintura mural. - Elementos e principios básicos da linguaxe visual e da percepción. Cor e composición.

UD	Título da UD	Duración
4	Deseño e xeometría	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Realiza as láminas e exercicios propostos seleccionando e aplicando correctamente as técnicas gráfico-plásticas. Resolve problemas sinxelos referidos aos trazados dados, utilizando correctamente os materiais de debuxo técnico.	TI	100
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplica os trazados xeométricos dados á creación dun deseño persoal.		
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Manexa axeitadamente os materiais de trazado técnico elaborando os distintos exercicios.		
CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Coñece todos os trazados xeométricos dados e selecciona os máis axeitados para aplicarlos a creacións persoais de deseño gráfico.		
CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. Realiza os trazados coa máxima precisión.		
CA3.4 - Analizar o resultado final da creación dun produto de creación gráfica de tipo técnico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Analiza os resultados finais dos propios proxectos e dos proxectos dos compañeiros, cunha mentalidade aberta e constructiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño. - Campos e ramas do deseño: gráfico, de produto, de moda, de interiores, escenografía. - Construcións xeométricas fundamentais. - Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivos. - Conceptos básicos de normalización. - Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
5	Sistema diédrico e isométrico	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Realiza os distintos exercicios de diédrico e isométrico, comprendendo o funcionamento de ambos sistemas.	TI	100
CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.		
CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. Analiza os resultados finais dos propios proxectos e dos proxectos dos compañeiros, cunha mentalidade aberta e constructiva.		
CA3.4 - Analizar o resultado final da creación dun produto de creación gráfica de tipo técnico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Construcións xeométricas fundamentais. - Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivos. - Conceptos básicos de normalización. - Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
6	A perspectiva cónica	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Realiza os distintos exercicios de perspectiva cónica, comprendendo o funcionamento do sistema.	TI	100
CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado		
CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. Realiza os trazados coa máxima precisión.		
CA3.4 - Analizar o resultado final da creación dun produto de creación gráfica de tipo técnico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Construcións xeométricas fundamentais. - Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivos. - Conceptos básicos de normalización. - Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
7	A linguaxe fotográfica e cinematográfica	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Coñece os inicios da linguaxe cinematográfica, sendo consciente das aportacións e a evolución do mesmo.	TI	100
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Elabora un storyboard para a creación dun vídeo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Participa co seu grupo na creación dun vídeo, a partir de fotografías ou deseños persoais.		
CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados.	Realiza distintos proxectos audiovisuais, tanto de xeito individual coma en grupo.		
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Coñece e aplica os planos e encadramentos na creación dun produto audiovisual.		
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Proxecta o produto audiovisual creado, comentando a súa intencionalidade expresiva.		
CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.	Comprende a importancia da linguaxe visual na vida cotiá, e utilízao de xeito respectoso e creativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada. - Fotografía analóxica: cámara escura. Fotografía sen cámara (fotogramas). Técnicas fotográficas experimentais: cianotipia ou antotipia. - Fotografía dixital. A fotomontaxe dixital e tradicional. - Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard. - O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva). - Publicidade: recursos formais, lingüísticos e persuasivos. Estereotipos e sociedade de consumo. O sexismo e os canons corporais e sexuais nos medios de comunicación. - Técnicas básicas de animación. - Recursos dixitais para a creación de proxectos de videoarte.

UD	Título da UD	Duración
8	A linguaxe publicitaria	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Analiza conxuntamente varios anuncios publicitarios de distintas épocas, comprendendo as diferencias entre as linguaxes utilizadas.	TI	100
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Aplica diversos recursos visuais na creación dun produto publicitario.		
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Analiza diversos produtos publicitarios contemporáneos, previamente propostos polo grupo.		
CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados.	Elabora en grupo un produto publicitario, coordinándose cos compañeiros e decidindo o medio, a linguaxe e os recursos a utilizar.		
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Deseña un cartel publicitario sobre un tema de interese cultural ou social.		
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Comenta algún anuncio publicitario escollido persoalmente, presentando os recursos e a lectura denotativa e connotativa.		
CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.	Desenvolve unha mirada crítica e reflexiva cara á publicidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada. - Fotografía analóxica: cámara escura. Fotografía sen cámara (fotogramas). Técnicas fotográficas experimentais: cianotipia ou antotipia. - Fotografía dixital. A fotomontaxe dixital e tradicional. - Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard. - O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva). - Publicidade: recursos formais, lingüísticos e persuasivos. Estereotipos e sociedade de consumo. O sexismo e os canons corporais e sexuais nos medios de comunicación. - Técnicas básicas de animación. - Recursos dixitais para a creación de proxectos de videoarte.

UD	Título da UD	Duración
9	A escultura	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Comprende e diferencia a arte figurativa e abstracta e os seus diferentes enfoques e plantexamentos. Coñecer algúns movementos fundamentais da arte moderna, no seu aspecto tridimensional.	TI	100
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Achegarse cunha mentalidade curiosa e aberta aos diferentes estilos da arte moderna, tratando de relacionalos coa experiencia persoal e o tratamento da imaxe contemporánea.		
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Iníciase no manexo de técnicas de modelado e construción escultórica, realizando algunha peza sinxela.		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos tridimensionais. Realiza os exercicios propostos seleccionando e aplicando correctamente as técnicas escultóricas dadas.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Explica de xeito individual ou colectivo, o punto de partida e os pasos dados na elaboración dun proxecto grupal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Realiza un proxecto escultórico en grupo a partir de materiais reciclados, para expresar unha determinada mensaxe, coordinándose cos compañeiros nas distintas decisións e pasos para a elaboración da obra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas. - Técnicas de estampaxe. Procedementos directos, aditivos, substractivos e mixtos. - Técnicas básicas de creación de volumes. - A arte da reciclaxe. Consumo responsable. Produtos ecolóxicos, sustentables e innovadores na práctica artística. Arte e natureza. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao tratarse dunha materia fundamentalmente práctica, o traballo guiado do alumnado na aula ten unha importancia fundamental. Polo tanto, cada unidade didáctica constará dunha presentación dos contidos, conceptos e técnicas fundamentais por parte do profesor, procurando sempre a reflexión e intervención activa do alumnado. Tanto os contidos como os titoriais, presentacións, exemplos de láminas, etc, atópanse na aula virtual da materia Expresión Artística 4º ESO.

Despois, adicaránse as sesións necesarias para aplicar ditos contidos nos exercicios prácticos, elaborados na súa meirande parte en láminas DIN A4, que son o soporte fundamental do traballo do alumnado. Durante estas sesións prácticas, o profesor guiará e solucionará as dúbidas do alumnado, prestando especial atención nos casos que presenten maiores dificultades.

O alumnado deberá presentar trimestralmente un traballo persoal, o seu Libro de artista, ademais das láminas. Neste traballo hai total liberdade técnica e temática, para que cada quen teña a posibilidade de centrarse nos aspectos que máis lle interesan, tanto de reflexión como de afondamento na propia práctica artística.

Nas unidades de Publicidade e Linguaxe fotográfica e cinematográfica, alternaránse soportes analóxicos e dixitais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

O alumnado utilizará Láminas de debuxo DIN A4 para a realización dos exercicios prácticos e contará coa aula virtual da materia Expresión artística 4º ESO onde poderá consultar as presentacións nas que se exporán os conceptos teóricos con amplo apoio audiovisual e exemplos (vídeos, titoriais, imaxes, etc), ademais das listaxes das láminas e

traballos requeridas, e as aclaracións que resulten necesarias.

Por ser moi ampla a variedade de técnicas que se imparten este ano, e non dispoñer de moito tempo para adicarlle a cada unha delas, e co fin de non sobrecargar ao alumnado con moito gasto en materiais, o departamento porá a dispor do alumnado algúns materiais para utilizar de xeito colectivo. De todos modos, un mínimo de material persoal resulta indispensable na materia.

No Bloque de Linguaxe audiovisual, os soportes requeridos serán dixitais nalgunhas actividades.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A meirande parte do alumnado que escolle a materia de Expresión artística en 4º ESO xa cursou Educación Plástica, Visual e Audiovisual no centro o curso anterior, polo tanto a avaliación inicial non é especialmente indicativa nin necesaria neste caso, xa que o profesorado coñece ao alumnado ao que xa lle deu clase anteriormente. De todas maneiras, propóránse distintos exercicios de debuxo e creatividade, como primeira toma de contacto coa asignatura. Non adoita haber alumnado con dificultades ao ser unha materia optativa que escollen libremente, aínda que as veces sí que chega alumnado extranxeiro sen coñecemento das linguas vehiculares, o que supón unha dificultade engadida á falta de nivel con que normalmente veñen, ao non ter cursado a materia no sistema educativo de procedencia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	10	12	11	11	12	11	11	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación:

a) Instrumentos de avaliación

- Observación do traballo diario no taller de plástica.
- Exercicios, láminas e traballos en papel ou soporte dixital.

b) Criterios de cualificación

NOTA DA AVALIACIÓN:

LÁMINAS E TAREFAS 70% (media aritmética dos traballos realizados x 0,7) + PROXECTO ARTÍSTICO 30% (nota do proxecto x 0,3) + LÁMINAS VOLUNTARIAS

O alumnado deberá presentar mensualmente as láminas realizadas nese periodo.

En cada lámina presentada con atraso descontarase un punto. Considérase atraso presentala no mes seguinte á data mensual de entrega, agás causa xustificada como ter faltado por enfermidade. As láminas deberán realizarse na aula. A profesora pode rexeitar as láminas que non se realicen na clase baixo a súa supervisión.

ACTITUDE NEGATIVA: Enténdese por actitude negativa molestar en clase, non traballar e non traer material de xeito reiterado. Cando isto suceda a profesora advertirá ao alumno ou alumna verbalmente, a segunda vez informará á familia por Abalar e se sucede en tres ocasións será motivo de parte de apercibimento.

ACTITUDE POSITIVA: Traballar con constancia na aula, vir provisto do material necesario, respectar o traballo do resto dos compañeiros e da profesora, entregar os traballos puntualmente, presentar os apuntamentos se son requeridos, realizar láminas voluntarias. Ditas láminas voluntarias subirán 0,25 puntos cada unha, ata un punto na nota da avaliación.

A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Unha vez realizadas as operacións do cálculo da nota, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa.

AVALIACIÓN FINAL

A entrega final de láminas e traballos será fixada unha semana antes do remate das clases, e anunciada coa suficiente antelación tanto na clase como na aula virtual da materia. Unha vez realizada e cualificada a entrega final de láminas e traballos de recuperación, a nota final será a media aritmética da 1ª, 2ª e 3ª avaliación.

AVALIACIÓN DO ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA

a) No caso de que o alumnado teña cualificación en unha ou dúas avaliacións ao incorporarse ao centro, cursará a materia con normalidade a partir da súa incorporación (ou con reforzo se así o precisase) e para a cualificación final seguirase o criterio anteriormente especificado.

b) No caso de que non haxa cualificacións da primeira nin da segunda avaliación, a nota final será o 100% da terceira avaliación.

O alumnado que se incorpora deberá presentar as láminas e traballos que se realicen na clase a partir da data da súa incorporación. Non se esixirá o traballo de avaliación para o alumnado que teña dificultades importantes, coma descoñecemento das linguas vehiculares.

Criteria de recuperación:

Criteria de recuperación:

Se un alumno ou alumna non aprobase unha avaliación por non ter presentado no seu momento todas as láminas ou traballos propostos deberá presentalos para recuperar a avaliación. Se tendo todas as láminas e traballos presentados non acadase os obxectivos mínimos, deberá repetilos.

Ao longo do curso, o alumnado poderá presentar as láminas de recuperación xunto coas do trimestre correspondente, nas entregas mensuais establecidas. O traballo ou proxecto artístico de recuperación tamén poderá presentalo ao longo de todo o trimestre.

AVALIACIÓN FINAL

A entrega final de láminas e traballos será fixada unha semana antes do remate das clases, e anunciada coa suficiente antelación tanto na clase como na aula virtual da materia. Unha vez realizada e cualificada a entrega final de láminas e traballos de recuperación, a nota final será a media aritmética da 1ª, 2ª e 3ª avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

A materia de Expresión artística é optativa en 4º ESO, polo que o alumnado que cursou con normalidade os cursos previos xa ten unha experiencia directa da mesma e, se a escolle, é porque ten unha boa predisposición cara a materia e tamén unha boa base e aptitudes para o seu desenvolvemento. Por iso, o alumnado que pode precisar reforzo é unicamente o de incorporación tardía, que moitas veces procede do extranxeiro e non cursou anteriormente a materia e incluso non domina as linguas vehiculares. Nestes casos proporcionarase no posible unha atención individualizada dentro da aula, tentando que os exercicios realizados sexan os mesmos que fan o resto dos compañeiros, xa que o amplo apoio visual da materia pode permitilo en moitos casos. De todas maneiras, axustaránse á baixa nestes casos os criterios de avaliación, valorando ante todo o esforzo e o traballo do alumno ou alumna por riba da calidade dos resultados.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - As nosas emocións			X					
ET.2 - O respecto ao entorno				X				
ET.3 - A igualdade de xénero								X

	UD 9
ET.1 - As nosas emocións	
ET.2 - O respecto ao entorno	
ET.3 - A igualdade de xénero	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á exposición fotográfica de Helmut Newton	Visita guiada e obradoiro		X	

Observacións:

O alumnado de Expresión artística de 4ºESO visitará no 2º trimestre a exposición fotográfica de Irving Penn no Muelle de batería, A Coruña-. realizará tamén in situ un obradoiro fotográfico relacionado con dita mostra. Promoveranse tamén dende o departamento de Artes Plásticas accións coordinadas coa Biblioteca, Dinamización lingüística, e outros departamentos como concurso de decoración de portas co motivo do Samaín, concurso de postais navideñas, ilustracións de textos literarios, elaboración de carteis, etc.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
Metodoloxía empregada
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(A) Utilizo diferentes tipos de probas e soportes traballo individual / traballo en equipo. Soporte analóxico / dixital
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
M) Paso as horas lectivas realizando todas as seguintes actividades: Impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.
Medidas de atención á diversidade
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa dos seguintes xeitos: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual
(AD) Axusto os criterios de avaliación nas tarefas segundo os diferentes niveis en cada unidade e exame.

Clima de traballo na aula

(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
--

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisárase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade trimestral. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro consistirán en:

- Rexistro nas actas mensuais do departamento onde se irán anotando os aspectos máis destacables.
- Estatísticas de resultados.

9. Outros apartados